

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA TRES DE AGOSTO DE 2010, CON CARÁCTER ORDINARIO.

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. ODÓN C. COBAS GARCÍA
Tenentes de Alcalde: D. ELOY J. IGLESIAS LÓPEZ
D^a. LUCÍA GONZÁLEZ LOURO
D^a. ANA BELÉN PICÓN COTOS
Escusa asistencia D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE

Secretaría accidental D^a. MERCEDES PEREIRAS CALDELAS

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as trece horas e trinta minutos do día tres de agosto de dous mil dez, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Odón C. Cobas García, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ó inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior

Dáse conta da acta da sesión celebrada o vinte e sete de xullo do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes

2º.- Instancias de obras de particulares

2.1.- Instancia num. 825/10 de dona Mónica Camino Vázquez

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Vila de Cruces, solicita licenza para a rehabilitación parcial da súa vivenda, situada en Tomonde -Santa Cruz de Ribadulla, emprazada en solo de núcleo rural segundo o PXOM, de acordo co proxecto presentado redactado pola arquitecta dona Mercedes Rosón Varela cun orzamento de 45.000,00 euros

Dáse conta asimesmo da autorización da Comisión Territorial do Patrimonio Histórico da Coruña e da excepcionalidade do Decreto 262/2007 (Normas do Hábitat Galego) emitida pola Consellería de Vivenda e Solo

O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para o seu remate

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: antes do comezo das mesmas deberá presentar oficio de dirección do arquitecto técnico ou aparellador e nomeamento do coordinador de seguridade e saúde; deberán levarse a cabo de acordo co proxecto autorizado coas modifica-



cións e anexos presentados, independizando a zona de lavadeiro-tendal do espazo de circulación, e deberá colocar un rótulo indicador no que se fagan constar os datos do propietario, técnicos directores e contratista, ordenanza de aplicación, destino da construción, data e número de expediente da licenza; prazo de execución das obras e número de plantas autorizadas. Este rótulo axustarase ó modelo aprobado polo concello.

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de novecentos (#900,00#) euros

2.2.- Instancia número 1173/10 de don Emilio Midón Souto.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado en representación dos herdeiros de dona Carmen Souto Prieto, con domicilio en Paradela (San Xián de Sales) solicita licenza para parcelación, en 5 fincas resultantes, de parcela ubicada no lugar de Paradela (San Xián de Sales), en solo cualificado polo Plan Xeral de Ordenación Municipal como Solo de Núcleo Rural (ordenanza N1), Solo de Expansión de Núcleo Rural (ordenanza N2) e Solo Rústico de Especial Protección Forestal (ordenanza R3), de acordo co proxecto técnico asinado por Fco. Javier Bellet García en calidade de enxeñeiro técnico agrícola e de data xullo de 2010.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable dos servizos técnicos municipais, acorda concederlle a licenza para a parcelación da finca descrita no proxecto mencionado, sita no lugar de Paradela da parroquia de San Xián de Sales, nos termos do proxecto presentado, e aprobar a liquidación das taxas correspondentes, xa ingresadas na tesoureiría municipal, e que ascenderon á cantidade de 300,00 euros.

2.3.- Instancia num. 1192/10 de don Martín Bermúdez de la Puente González del Valle

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Santiago de Compostela, en nome e representación de dona M^a. Teresa González del Valle Herrero, solicita licenza para repoñer a tubería de auga cruzando un vial municipal en Laraño

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo presentar antes do comezo das mesmas un aval por importe de cen (#100,00#) euros, que se lle devolverán logo de que se comprobe que o pavimento da calzada quedou nas mesmas condicións nas que estaba. Ademais deberá sinalizar a obra e adoptara as medidas de seguridade precisas para evitar danos a terceiros

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento das taxas e impostos municipais correspondentes, que ascenden, segundo liquidación provisional, á cantidade de setenta e oito euros con tres céntimos (#78,03#)

2.4.- Instancia num. 1196/10 de don Fernando García Boquete

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Xián de Sales, solicita licenza para a construción dun cerramento de parcela, con



base de bloques e arame, de aproximadamente 70 mts de lonxitude, no lugar de Romarís, en solo de expansión de núcleo rural (N-2) segundo o PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as axustarse ás seguintes condicións: deberá recuarse 4,00 mts do eixe do vial; garantirase o natural discorrer das augas e no caso de existir unha servidume de augas deberá obter previo ó inicio das obras a autorización de Augas de Galicia; respectaranse os lindes con outros propietarios; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, o zócalo de fábrica irá revestido e pintado coas cores tradicionais de maneira que quede perfectamente rematado. Ademais a altura máxima total do cerramento será de 1,80 mts e a base maciza terá unha altura máxima de 1,50 mts, podendo acadar os 1,80 mts a base de elementos diáfanos e vexetación

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de corenta e tres euros con cincuenta e cinco céntimos (#43,55#)

3º.- Acordo sobre tramitación de expediente para obras de mellora medioambiental no ámbito da rede natura 2000

Dáse conta do expediente promovido por este concello, para OBRAS DE MELLORA MEDIOAMBIENTAL NO ÁMBITO DA REDE NATURA 2000, ubicadas neste termo municipal. Dáse conta, así mesmo, da exposición ao público, polo prazo de 20 días, do mencionado expediente segundo o anuncio publicado no xornal "La Voz de Galicia" o día 6 de xullo de 2010, durante o que non se presentaron alegacións e do informe emitido polos servizos técnicos municipais para o efecto.

A Xunta de Goberno acorda informar favorablemente a tramitación do expediente mencionado e que se remita ó Servizo de Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, para os efectos previstos na Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

4º.- Certificacións de obras

4.1.- Certificación num.1 e final da obra de *Ampliación das redes de abastecemento e saneamento en Santa Cruz de Ribadulla (expediente 3.328)*

Dáse conta da certificación num. 1 e final da obra de *Ampliación das redes de abastecemento e saneamento en Santa Cruz de Ribadulla*, incluída no Fondo Estatal para el Empleo y la Sostenibilidad Local 2010, e máis da factura num. 000202-10 da empresa adxudicataria Construcciones Boqueixón, S.L, por importe de setenta e seis mil catrocentos sesenta e catro euros con setenta e un céntimos (#76.464,71#)

A Xunta de Goberno acorda :

1º.- Aprobar a certificación e máis a factura polos traballos relacionados na mesma

2º.-Declarar a conformidade desta administración coa execución da mesma por parte da empresa adxudicataria e que esta desenvolveuse de conformidade co



estipulado no prego de cláusulas administrativas particulares regulador e o contrato asinado entre o Concello e a empresa adxudicataria.

4.2.- Certificación num.2 da obra de *Ampliación e reforma da gardería municipal*

Dáse conta da certificación num. 2 da obra de *Ampliación e reforma da gardería municipal*, incluída no Fondo Estatal para el Empleo y la Sostenibilidad Local 2010, e máis da factura num. OCV.010 da empresa adxudicataria Promotora Matimán, S.L, por importe de dez mil setecentos setenta e nove euros con oitenta e un céntimos (#10.779,81#), sendo o director da mesma o arquitecto don Fernando Faya Martínez

A Xunta de Goberno acorda aprobar a citada certificación e máis a factura polos traballos relacionados na mesma.

5º.- Dar conta de Resolucións da Alcaldía

5.1.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data trinta de xullo do ano que andamos, pola que se aproba e ordena o pagamento da factura num. 38 de don Miguel Angel Camino Bouzón pola instalación de fontanería e electricidade nos vestiarios do campo de fútbol de San Mamede de Ribadulla, por importe de nove mil cento quince euros con cincuenta céntimos (#9.115,50#), con cargo á subvención outorgada pola Deputación Provincial para esa finalidade cun prazo de xustificación do gasto e pagamento ata o 31/07/2010.

A Xunta de Goberno dáse por enterada

5.2.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e sete de xullo do ano que andamos, pola que se lle concede a don Gerardo Andújar García un prazo de un mes para que proceda á limpeza dunha parcela en Castro -Ponte Ulla e mantela en condicións de seguridade, salubridade e outras segundo establece o artigo 9.1b) da Lei 9/2002, do 30 de decembro.

A Xunta de Goberno dáse por enterada

5.3.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e nove de xullo do ano que andamos, pola que en relación co expediente de reposición da legalidade respecto das actuacións consistentes na construción de base de formigón para substituír unha poza de auga en Outeiro polos herdeiros de don Gumersindo Vieites Castiñeiras, desestimase a alegación presentada pola interesada dona Purificación Vieites Santos e ordénase a demolición das mesmas ó non ser legalizables

A Xunta de Goberno dáse por enterada

5.4.- Dáse conta de Resolucións da Alcaldía de data dous de agosto de dous mil dez polas que logo de informadas favorablemente pola C.I de Asuntos Xerais, apróbanse as bases que rexerán o proceso de selección para a contratación das prazas de oficiais de segunda de protección civil e oficiais de segunda e terceira albaneis, incluídas dentro do Programa de Cooperación (II Fase)

A Xunta de Goberno dáse por enterada



5.5.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data dous de agosto de dous mil dez pola que logo de informadas favorablemente pola C.I de Asuntos Xerais, apróbanse as bases que rexerán o proceso de selección para a contratación dunha praza de técnico informático, subvencionada pola Deputación Provincial dentro do programa para actividades xeral de promoción económica.

A Xunta de Goberno dáse por enterada

6º.- Outros asuntos

6.1.- Solicitud de tarxeta de aparcamento para persoas con mobilidade reducida

Dáse conta do escrito num. 1188/10 no que dona M^a. Carmen Caldelas Alvarez, con domicilio en Ponte Ulla, solicita expón que ten unha minuavalía do 45% segundo certificado emitido polo Equipo de Valoración da Xunta de Galicia, polo que solicita que se lle expida tarxeta de aparcamento segundo o modelo establecido na Lei 8/1997 e no Decreto 35/2000 que a desenvolve, da Comunidade Autónoma de Galicia, comprometéndose a cumprir as normas que regulan a súa expedición

A Xunta de Goberno acorda acceder ó solicitado

Conclúe ó fio das catorce horas e quince minutos

